	IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas		1º Bacharelato 2023-2024
	MATERIA	Matemáticas I	
	PROFESOR/A	Joaquín García Lamela Silvia Veciño Abelenda	

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.- Números reais
	T2.- Álgebra
	T3.- Trigonometría
2ª AVALIACIÓN	T4.- Xeometría analítica
	T5.- Números complexos
	T6.- Funcións
3ª AVALIACIÓN	T7.- Límites e continuidade
	T8.- Derivadas
	T9.- Estatística e probabilidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	96%
Táboas de indicadores para avaliar criterios correspondentes ao Bloque 6. Sentido socioafectivo	4%

CONVOCATORIA ORDINARIA

Nota de cada avaliación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas, a última delas global, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 96% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas (NP) e o 4% restante obterase das táboas de indicadores con que serán avaliados algúns criterios correspondentes ao Bloque 6. Sentido socioafectivo, incluídos en todas as unidades didácticas con este mesmo peso (NT):

$$N = 0,96 \times NP + 0,04 \times NT$$

Desta forma calcúlanse as notas de cada avaliación N_1, N_2, N_3 .

NOTA DAS PROBAS ESCRITAS:

O cálculo da nota das probas escritas farase aplicando unha media ponderada, usando un peso proporcional ao número de unidades didácticas que se vaian avaliar.

Por exemplo, se nunha avaliación se realiza unha proba de 2 unidades e unha segunda proba global de 3 unidades (as dúas anteriores e unha nova), a nota das probas escritas calcúlase como:

$$NE = \frac{2 \cdot \text{nota } 1^{\text{ª}}\text{proba} + 3 \cdot \text{nota } 2^{\text{ª}}\text{proba}}{2 + 3}$$

Desta forma calcúlanse as notas de cada avaliación N_1, N_2, N_3 .

NOTA DAS TÁBOAS DE INDICADORES:

Os criterios de avaliación CA6.1, CA6.2, CA6.3 e CA6.4 avaliaranse mediante táboas de indicadores que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se valorará:

- Os traballos que se poidan propor (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan e estarán na aula virtual
- A observación diaria na aula

Cualificación convocatoria ordinaria:

A nota final provisional P obterase como a media ponderada das notas N1, N2 e N3 de cada avaliación (tomamos como cualificación de cada avaliación a nota numérica obtida da ponderación descrita no apartado anterior, non a nota que aparece no boletín de notas). A ponderación calcularase segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación: por exemplo, as tres unidades da 1ª avaliación, que teñen pesos respectivos de 5%, 15% e 15%, supoñen que a nota da 1ª avaliación terá un peso do 35% da nota final.

- Se a cualificación provisional P é maior ou igual que 5, a materia está aprobada e esta será a cualificación da convocatoria ordinaria. O alumno/a poderá presentarse a unha proba escrita en que se examinará dos contidos de toda a materia impartida durante todo o curso. Este exame farase na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar. A nota de definitiva da convocatoria ordinaria será **máx [5; (0,4 x P + 0,6 x N)]**.

- Se a cualificación provisional P é inferior a 5, o alumno/a deberá acudir a unha proba escrita de recuperación final. Nesta proba o alumnado cunha soa avaliación suspensa examínase só de dita avaliación, e o alumnado que suspenda dúas ou tres avaliacións, examínase dos contidos mínimos de toda a materia impartida durante o curso. Este exame farase na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar. Neste segundo caso, se a nota do exame (que chamaremos N) é inferior a 5, a materia está suspensa, e a cualificación na convocatoria ordinaria obterase mediante a fórmula:
- **máx(P; N)**, se o alumno/a se examina de todo o curso.

- media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por **máx(E_i; N)**, no caso dunha soa avaliación; E_i é a nota da avaliación suspensa. E se a nota do exame de recuperación é superior ou igual que 5, a materia considerárase aprobada e a cualificación obterase mediante a fórmula:

- **máx [5; (0,4 x P + 0,6 x N)]**, se o alumno/a se examina de todo o curso.

- media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por **máx(5; 0,4 x E_i + 0,6 x N)**, no caso dunha soa avaliación; E_i é a nota da avaliación suspensa.

Para calcular a cualificación final da materia ordinaria, se o primeiro decimal é igual ou superior a 5 redondéase ao enteiro inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación traballará no trimestre seguinte actividades para reforzar os contidos relacionados cos criterios de avaliación non superados; o seguimento destas actividades facilitará que a alumna/o poida adquirir os contidos da avaliación seguinte, e evitará a desmotivación cara á avaliación final da materia, posto que a cualificación final, como consta no punto anterior, é a media ponderada das tres avaliacións. Se aínda así non superase a materia poderá facer ese exame de recuperación final sinalado no apartado anterior.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non teña a materia aprobada na convocatoria ordinaria, terá, ao final do período entre a convocatoria ordinaria e a convocatoria extraordinaria, unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que serán obxecto de reforzo na aula nese período. Esta proba determina o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Se a nota obtida nesa proba é superior ou igual a 5 a materia está aprobada con esa cualificación. En caso contrario, a materia non está superada. Para calcular a cualificación final da materia ordinaria, se o primeiro decimal é igual ou superior a 5 redondéase ao enteiro inmediatamente superior.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Silvia Veciño Abelenda	svecino@edu.xunta.gal
Joaquín García Lamela	joaquinl@edu.xunta.gal



IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas		1º Bacharelato 2023-2024
MATERIA	Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I	
PROFESOR/A	Lucía Rodríguez Ríos	

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.- Números reais
	T2.- Matemáticas financieras
	T3.- Ecuacións, inecuacións e sistemas
2ª AVALIACIÓN	T4.- Funcións
	T5.- Límites
	T6.- Derivadas
3ª AVALIACIÓN	T7.- Estatística
	T8.- Probabilidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	96%
Táboas de indicadores para avaliar criterios correspondentes ao Bloque 5. Sentido socioafectivo	4%
CONVOCATORIA ORDINARIA	
<p><u>Nota de cada avaliación:</u></p> <p>En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas, a última delas global, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 96% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas (NP) e o 4% restante obterase das táboas de indicadores con que serán avaliados algúns criterios correspondentes ao Bloque 5. Sentido socioafectivo, incluídos en todas as unidades didácticas con este mesmo peso (NT):</p> $N = 0,96 \times NP + 0,04 \times NT$ <p>Desta forma calcúlanse as notas de cada avaliación N_1, N_2, N_3.</p> <p>NOTA DAS PROBAS ESCRITAS:</p> <p>O cálculo da nota das probas escritas farase aplicando a media ponderada, usando unha ponderación proporcional ao número de unidades didácticas que se vaian avaliar.</p> <p><i>Por exemplo, se se realiza unha proba de 2 unidades e unha segunda proba global de 3 unidades (as dúas anteriores e unha nova), a nota das probas escritas calcularíase como:</i></p> $\frac{2 \cdot \text{nota } 1^{\text{ª}}\text{proba} + 3 \cdot \text{nota } 2^{\text{ª}}\text{proba}}{2 + 3}$	

NOTA DAS TÁBOAS DE INDICADORES:

Realizarase unha rúbrica para avaliar cada un dos catro criterios do Bloque 5. Esta rúbrica cubrirase principalmente coa observación diaria na aula, pero tamén con posibles traballos, actividades de consolidación, reforzo ou ampliación propostos en cada trimestre (se houberse algún).

Cualificación convocatoria ordinaria:

A nota final obterase como a media ponderada das tres avaliacións. A ponderación calcularase segundo as unidades avaliadas en cada unha e os seus respectivos pesos.

Por exemplo, se se imparten tres unidades na 1ª avaliación con pesos respectivos de 10%, 10% e 15%, entón a nota da 1ª avaliación terá un peso do 35% da nota final. Tomamos como cualificación de cada avaliación a nota numérica obtida da ponderación descrita no apartado anterior, non a nota que aparece no boletín de notas.

- Se a cualificación final (media ponderada das avaliacións) é maior ou igual que 5, a materia está aprobada e a cualificación final será a cualificación da convocatoria ordinaria.

- Se a cualificación final é inferior a 5, contemplaranse dous casos:

- Que teña dúas ou tres avaliacións suspensas (Caso I): o alumno/a deberá acudir a un exame de recuperación final que avaliará toda a materia impartida durante o curso.
- Que teña só unha avaliación suspensa (Caso II): o alumno/a presentarse a unha proba de recuperación da única avaliación suspensa.

Os exames de recuperación faranse na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar.

Se a nota do exame é inferior a 5, a materia está suspensa e o alumno/a deberá ir ao exame da convocatoria extraordinaria. Tomarase como nota da ordinaria a maior nota suspensa obtida.

Se a nota do exame é superior ou igual que 5, a materia considerarase aprobada e a cualificación da convocatoria ordinaria obterase da seguinte forma:

- Caso I: $\text{máx}\{5, (0,2x \text{ Cualificación final} + 0,8 x \text{ Exame de recuperación})\}$.
- Caso II: media ponderada das tres avaliacións substituíndo a nota da avaliación suspensa polo $\text{máx}\{5, (0,2x \text{ Cualificación final da avaliación} + 0,8 x \text{ Exame de recuperación da avaliación})\}$.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Cualificación convocatoria extraordinaria:

O 100% da nota da convocatoria extraordinaria estará conformado por unha proba escrita de todos os contidos do curso. Esta proba terá en conta os pesos establecidos para cada unidade didáctica.

Se a cualificación da proba é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. En caso contrario, a materia non estaría superada.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Lucía Rodríguez Ríos	luciarodriguezrios@edu.xunta.gal



IES MARÍA CASARES. **Departamento de Matemáticas**

MATERIA

Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II

PROFESOR/A

Montse Fernández Ramos
Lucía Rodríguez Ríos

2º Bacharelato
2023-2024

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.- Límites e continuidade
	T2.- Derivadas e aplicacións das derivadas. Representación de funcións
	T3.- Integrais
2ª AVALIACIÓN	T4.- Probabilidade
	T5.- Inferencia estatística. Estimación. Distribucións binomial e normal
3ª AVALIACIÓN	T6.- Matrices. Sistemas de ecuación
	T7.- Determinantes
	T8.- Programación lineal

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	96%
Táboas de indicadores para avaliar criterios correspondentes ao Bloque 5. Sentido socioafectivo	4%

CONVOCATORIA ORDINARIA

Nota de cada avaliación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas, unha delas global, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 96% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas e o 4% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados catro dos criterios correspondentes ao Bloque 5. Sentido socioafectivo, incluído en todas as unidades didácticas con este mesmo peso.

NOTA PROBAS ESCRITAS:

O cálculo da nota das probas escritas farase aplicando a media ponderada, usando unha ponderación proporcional ao número de unidades didácticas que se vaian avaliar. Por exemplo, se se realiza unha proba de 2 unidades e unha segunda proba global de 3 unidades (as dúas anteriores e unha nova), a nota das probas escritas calcularíase como:

$$\frac{2 \cdot \text{nota } 1^{\text{ª}}\text{proba} + 3 \cdot \text{nota } 2^{\text{ª}}\text{proba}}{2 + 3}$$

NOTA TÁBOAS DE INDICADORES:

Realizarase unha rúbrica para avaliar cada un dos catro criterios do Bloque 5. Esta rúbrica cubrirase principalmente coa

observación diaria na aula, pero tamén con posibles traballos, actividades de consolidación, reforzo ou ampliación propostos en cada trimestre (se houberse algún).

Cualificación convocatoria ordinaria:

A nota final obterase como a media ponderada das tres avaliacións. A ponderación calcularase segundo as unidades avaliadas en cada unha e os seus respectivos pesos.^[1] Por exemplo, se se imparten tres unidades na 1ª avaliación con pesos respectivos de 10%, 10% e 15%, entón a nota da 1ª avaliación terá un peso do 35% da nota final.^[1] O redondeo da nota final farase a partir do 0,5, tanto na convocatoria ordinaria coma na extraordinaria.

Criterios de recuperación:

CONVOCATORIA ORDINARIA^[1]

- Se a cualificación final (media ponderada das avaliacións) é maior ou igual que 5, a materia está aprobada e a cualificación final será a cualificación da convocatoria ordinaria. Poderase subir a nota da ordinaria presentándose ao exame de recuperación, onde a nota final calcularase como:

$$\text{máx}\{\text{Cualificación final}, (0,4 \times \text{Cualificación final} + 0,6 \times \text{Exame de recuperación})\}.$$

- Se a cualificación final é inferior a 5, contemplaranse dous casos:^[1]
- >Que teña dúas ou tres avaliacións suspensas (Caso I): o alumno/a deberá acudir a un exame de recuperación final que avaliará toda a materia impartida durante o curso.^[1]
 - >Que teña só unha avaliación suspensa (Caso II): o alumno/a presentarse a unha proba de recuperación da única avaliación suspensa.^[1]
 - >Se a nota do exame é inferior a 5, a materia está suspensa e o alumno/a deberá ir ao exame da convocatoria extraordinaria. Tomarase como nota da ordinaria a maior nota suspensa obtida.^[1]
 - >Se a nota do exame é superior ou igual que 5, a materia considerarase aprobada e a cualificación da convocatoria ordinaria obterase da seguinte forma:^[1]
 - Caso I: $\text{máx}\{5, (0,4 \times \text{Cualificación final} + 0,6 \times \text{Exame de recuperación})\}.$ ^[1]
 - Caso II: media ponderada das tres avaliacións substituíndo a nota da avaliación suspensa polo $\text{máx}\{5, (0,4 \times \text{Cualificación final da avaliación} + 0,6 \times \text{Exame de recuperación da avaliación})\}.$ ^[1]

Os exames de recuperación faranse na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar.^[1]


CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Cualificación convocatoria extraordinaria:

O 100% da nota da convocatoria extraordinaria estará conformado por unha proba escrita de todos os contidos do curso. Esta proba terá en conta os pesos establecidos para cada unidade didáctica.
Se a cualificación da proba é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. En caso contrario, a materia non estaría superada.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Montse Fernández Ramos	mframos@edu.xunta.gal
Lucía Rodríguez Ríos	luciarodriguezrios@edu.xunta.gal

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas		2º Bacharelato 2023-2024
	MATERIA	Matemáticas II	
	PROFESOR/A	Consuelo Castro Vázquez	

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.- Límites e continuidade. Cálculo diferencial
	T2.- Cálculo integral
2ª AVALIACIÓN	T3.- Matrices
	T4.- Determinantes
	T5.- Sistemas de ecuacións
	T6.- Vectores no espazo
	T7.- Puntos, rectas e planos no espazo
3ª AVALIACIÓN	T8.- Xeometría métrica
	T9.- Probabilidade
	T10.- Distribucións de probabilidade
(*)	T11.- Matemáticas para a vida en sociedade

(*) Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	96%
Táboas de indicadores para avaliar criterios correspondentes ao Bloque 6. Sentido socioafectivo	4%

CONVOCATORIA ORDINARIA

Nota de cada avaliación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas, a última delas global, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 96% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas (**NP**) e o 4% restante obterase das táboas de indicadores con que serán avaliados algúns criterios correspondentes ao Bloque 6. Sentido socioafectivo, incluídos en todas as unidades didácticas (**NT**):

$$N = 0,96 \times NP + 0,04 \times NT_{\text{SEP}}$$

Desta forma calcúlanse as notas de cada avaliación N1, N2, N3.

NOTA PROBAS ESCRITAS:

O cálculo da nota das probas escritas farase aplicando unha media ponderada, usando un peso proporcional ao número de unidades didácticas que se vaian avaliar. Por exemplo, se nunha avaliación se realiza unha proba de 2 unidades e unha segunda proba global de 3 unidades (as dúas anteriores e unha nova), a nota das probas escritas calcúlase como:

$$NE = \frac{2 \cdot \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ proba} + 3 \cdot \text{nota } 2^{\text{a}} \text{ proba}}{2 + 3}$$

NOTA TÁBOAS DE INDICADORES:

Os criterios de avaliación CA6.1, CA6.2, CA6.3 e CA6.4 avaliaranse mediante táboas de indicadores que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se valorará.

- Os traballos que se poidan propor (individuais ou cooperativos).
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan e estarán na aula virtual.
- A observación diaria na aula.

Cualificación convocatoria ordinaria:

A nota final provisional P obterase como a media ponderada das notas N1, N2 e N3 de cada avaliación (tomamos como cualificación de cada avaliación a nota numérica obtida da ponderación descrita no apartado anterior, non a nota que aparece no boletín de notas). A ponderación calcularase segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación: por exemplo, as dúas unidades da 1ª avaliación, que teñen pesos respectivos de 12%, 12%, supoñen que a nota da 1ª avaliación terá un peso do 24% da nota final.

- Se a cualificación provisional P é maior ou igual que 5, a materia está aprobada e esta será a cualificación da convocatoria ordinaria. O alumno/a, para mellorar a nota, poderá presentarse a unha proba escrita en que se examinará dos contidos de toda a materia impartida durante todo o curso. Este exame farase na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar. A nota de definitiva da convocatoria ordinaria será **máx [5; (0,4 x P + 0,6 x N)]**.

- Se a cualificación provisional P é inferior a 5, o alumno/a deberá acudir a unha proba escrita de recuperación final. Nesta proba o alumnado cunha soa avaliación suspensa examínase só de dita avaliación, e o alumnado que suspenda dúas ou tres avaliacións, examínase dos contidos mínimos de toda a materia impartida durante o curso. Este exame farase na última semana do período lectivo da 3ª avaliación segundo o calendario escolar.

Neste segundo caso, se a nota do exame (que chamaremos N) é inferior a 5, a materia está suspensa, e a cualificación na convocatoria ordinaria obterase mediante a fórmula:

- $máx(P; N)$, se o alumno/a se examina de todo o curso.
- media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por $máx(E_i; N)$, no caso dunha soa avaliación; E_i é a nota da avaliación suspensa.

E se a nota do exame de recuperación é superior ou igual que 5, a materia considerarase aprobada e a cualificación obterase mediante a fórmula:

- $máx [5; (0,4 \times P + 0,6 \times N)]$, se o alumno/a se examina de todo o curso.
- media ponderada das tres avaliacións segundo a temporalización elaborada no punto 3.1. da programación, pero substituíndo a nota correspondente á avaliación suspensa por $máx(5; 0,4 \times E_i + 0,6 \times N)$, no caso dunha soa avaliación; E_i é a nota da avaliación suspensa.

Para calcular a cualificación final da materia ordinaria, se o primeiro decimal é igual ou superior a 5 redondéase ao enteiro inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación traballará no trimestre seguinte actividades para reforzar os contidos relacionados cos criterios de avaliación non superados; o seguimento destas actividades facilitará que a alumna/o poida adquirir os contidos da avaliación seguinte, e evitará a desmotivación cara á avaliación final da materia, posto que a cualificación final, como consta no punto anterior, é a media ponderada das tres avaliacións. Se aínda así non superase a materia poderá facer ese exame de recuperación final sinalado no apartado anterior.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA


Cualificación convocatoria extraordinaria:

O alumnado que non teña a materia aprobada na convocatoria ordinaria, terá, ao final do período entre a convocatoria ordinaria e a convocatoria extraordinaria, unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que serán obxecto de reforzo na aula nese período. Esta proba determina o 100% da nota da convocatoria extraordinaria.

Se a nota obtida nesa proba é superior ou igual a 5 a materia está aprobada con esa cualificación. En caso contrario, a materia non está superada.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Consuelo Castro Vázquez	consualexborja@gmail.com

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Matemáticas		2º Bacharelato 2023-2024
	MATERIA	Métodos estadísticos y numéricos	
	PROFESOR/A	Consuelo Castro Vázquez	

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	T1.- Erros
	T2.- Métodos numéricos
	T3.- Integración numérica
2ª AVALIACIÓN	T4.- Interpolación
	T5.- Programación lineal
	T6.- Probabilidade. Cadeas de Markov
3ª AVALIACIÓN	T7.- Distribucións de probabilidade
	T8.- Introducción á Inferencia estatística
	T9- Estatística inferencial
(*)	T10.- Matemáticas para a vida en sociedade

(*) Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	80%
Táboas de indicadores para avaliar criterios correspondentes ao bloque de Sentido socioafectivo	20%

CONVOCATORIA ORDINARIA

Nota de cada avaliación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 10 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos) ^{SEEP}
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Cualificación convocatoria ordinaria:

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación no período que segue á dita avaliación ordinaria. Estas tarefas serán avaliadas cun 10%. Haberá tamén unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que son obxecto de reforzo nese período na aula e que terá un valor do 90%.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Cualificación convocatoria extraordinaria:

O 100% da nota da convocatoria extraordinaria estará conformado por unha proba escrita de todos os contidos do curso. Esta proba terá en conta os pesos establecidos para cada unidade didáctica.

Se a cualificación da proba é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. En caso contrario, a materia non estaría superada.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Consuelo Castro Vázquez	consualexborja@gmail.com